




APRENDIENDO A ESTUDAR



Coñece diversas técnicas de
estudo

ANTES DE NADA, DEBES PREPARARTE PARA O ESTUDO:

- Colle os materiais que precises.
- Prepara o lugar de estudo: onde estés tranquilo/a e sen interrupcións.



Xa tes todo listo?



**POIS
COMEZAMOS:**





1. PRELECTURA

Consiste en botar unha primeira ollada ao texto que vas estudar para ter unha idea xeral do tema que se trata.

2. LECTURA

COMPENSIVA

Ler a información
detidamente.

Debes pararte ao remate de
cada parágrafo e preguntarte
de que fala, se
compredechese todo o que
di.

Este é o momento de buscar
dúbidas, facer anotacións....



E cando remates de ler, fai sempre esta pregunta:


QUE ME QUIXO DICIR O TEXTO? para comprobar se entendeches todo.

3. SUBLIÑAR


Agora que xa sabes de que trata o texto é o momento de **subliñar** a información máis relevante.

Pero lembra: Só as **palabras clave** e as **ideas principais**. É dicir, aqueles datos imprescindibles que nos axuden a saber o máis importante mirando solo o subliñado.

Por exemplo, nesta explicación están destacadas as palabras máis importantes para que non teñas que volver a ler todo para saber o que hai que resaltar.



4. ESQUEMAS



Expresa graficamente e de forma estruturada as ideas principais do tema nun esquema.

Axúdate do subliñado antes para que che sexa máis sinxelo.


O esquema axudarache a ter máis ordeadas e claras as ideas do texto.

Hai moitos tipos de esquemas: de chaves, flechas, mapas conceptuais... elixe o que máis che guste!

❖❖ 5. RESUMO ❖❖

Redacta,
seguindo o
esquema, o
contido de
cada parte.

Lembra que
debes facelo
**coas túas
palabras.**



6. ESTUDAR

Xa está todo listo. Agora tes que aprender o contido que resumiches.

Para unha boa aprendizaxe, relaciona os datos que che dan e o que xa sabes, e comprende o que estudas, **non só memorices.**




7. REPASAR

Para que non se che esqueza o que estudaches, de vez en cando debes facer un pequeno repaso.

Hai diversas maneiras: utilizando o esquema ou resumo que fixeches, facendo preguntas, ou incluso con compañeiras/os.

Sempre debes elexir a que mellor che funcione.



Agora que xa coñeces algunhas técnicas de estudo, aquí tes un exemplo:

O **sangue** é un **líquido denso de cor vermella**. Está **formado** polo **plasma sanguíneo**, os **glóbulos vermellos**, **glóbulos brancos** e **plaquetas**.

O **plasma sanguíneo** está formado un **90% de auga** e un **10% doutras substancias**: azúcares, graxas, proteínas, sales minerais...


Os **glóbulos vermellos** son capaces de **captar gran cantidade de osíxeno**. en cada milímetro cúbico de sangue existen entre catro e cinco millóns destes glóbulos. por iso a sangue ten una cor tan vermella.

Os **glóbulos brancos** son menos abundantes. Hai un por cada 600 glóbulos vermellos. A súa función é a **defensa ante infeccións**.

As **plaquetas** son fragmentos de células sen núcleo. Hai 250.000 plaquetas por milímetro cúbico de sangue. E a súa función é a **coagulación do sangue**.

NESTE TEXTO SOBRE
O SANGUE ESTÁN
SUBLIÑADOS OS
DATOS MÁIS
RELEVANTES

VEXAMOS UN POSIBLE ESQUEMA SOBRE O TEXTO ANTERIOR:



Lembra que isto é unha guía que debes adaptar ao que necesites e ao que estés estudando. Habrá veces que estudes directamente polos esquemas, ou que pases do subliñado ao resumo. Elixo a técnica máis axeitada.

E, por suposto, sempre ten unha actitude positiva, porque con esforzo e concentración faralo xenial!

